

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Bioloxía e xeoloxía	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A materia de Bioloxía e Xeoloxía debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave pondo especial atención na adquisición das competencias matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM) en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón que aprendan a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que os leven a un mellor desenvolvemento da súa contorna e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante este curso a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que adquiren as capacidades e as competencias que lle permitan coidar o seu corpo tanto a nivel tanto físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico.

Tamén se pretende que entendan e valoren a importancia de preservar o ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde.

Asemade, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e das consecuencias que estas teñen na súa saúde e na contorna, e comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

O currículo de 1º de ESO parte en xeral do mundo macroscópico, máis concreto, observable e identificable polo alumnado, sen adentrarse apenas na parte funcional dos seres vivos e enfocándose nun estudo máis descritivo. Pola contra en 3º de ESO pasamos a un nivel de maior abstracción. Desde o estudo microscópico da célula, pasando pola comprensión do ser humano, non só desde o punto de vista anatómico-descriptivo, senón tamén desde unha perspectiva máis funcional e fisiolóxica e a súa relación cos hábitos de vida persoais e sociais como eixe fundamental da perservación da saúde. Por último neste curso tamén se fala do relevo terrestre e a súa evolución para que o alumnado comprenda a existencia da Terra como un planeta en continuo cambio, algo esencial na aparición da vida e se dan os primeiros pasos para a asimilación en niveis posteriores, 4º de ESO, do concepto de evolución en sentido amplo, da Terra e da vida, e do nivel de abstracción conceptual necesario para comprender as escalas temporais que rixen estes procesos.

Por outra banda, a materia contribuír a que os alumnos/as adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá esta programación tívose como referencia un currículo que xira durante este 3º curso da ESO en torno a organización dos seres vivos, a xeito introdutorio, pero que se centra basicamente no corpo humano rematando cunhas pequenas referencias aos impactos e riscos xeolóxicos derivados da dinámica interna da Terra. Abórdanse contidos esenciais nesta etapa educativa como a promoción da saúde e a sexualidade, así como ideas clave da prevención de riscos xeolóxicos.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Carballo que é un concello da provincia de A Coruña, dividido en 18 parroquias, pertencente a comarca de Bergantiños sendo a súa capital e vila máis grande. O concello conta cunha gran variedade de ecosistemas, fluviais, de interior e costeiros nos que viven numerosas especies animais e vexetais. Entre eles cabe mencionar:

O río Anllóns que atravesa o concello de Leste a Oeste, constitúe un importante ecosistema fluvial no que podemos observar unha grande variedade de peixes tales como troitas, salmóns ou reos. Ao longo do seu leito existen árbores autóctonas e outras especies vexetais propias das zonas fluviais.

O Espazo Natural de Razo-Baldaio constitúe o punto de maior interese paisaxístico e ecolóxico. Comprende unha grande área de litoral xurdida dun entrante costeiro, que rematou pechándose cunha gran barra de area. Nel podemos observar catro ecosistemas: unha barra de area con dunas ao longo da praia, que separa a lagoa do mar; a lagoa litoral, cunha canle que permite o intercambio das mareas; unha marisma sucada por unha gran cantidade de canles que desaugan na lagoa; e unha xunqueira no oeste, desenvolvida sobre unha chaira areosa á que non chega a influencia das mareas.

Dentro dos ecosistemas de interior salienta na parroquia de Entrecruces a chamada Férveda de Entrecruces, na que o caudal do río Outón se precipita dende unha altura de máis de corenta metros. Ademais, produto da faia meridiana que separa as parroquias de Rus e Entrecruces xorde un salto de auga duns trinta metros formado no río da Férvida.

Esta forte corrente de auga deslízase por un chan de gabros, rochas de gran dureza e difícil erosión. Trátase da chamada Férveda de Rus, que a pesar de non contar cun gran desnivel, vai baixando de forma sinuosa pola canle do río. Ademais, o concello, conta cunha biblioteca pública onde se levan a cabo numerosas actividades durante o curso, un conservatorio profesional de música e unha sección da Escola oficial de idiomas.

Neste entorno natural e cultural tan privilexiado naceu e vive a maioría do noso alumnado, a presenza nos últimos anos de alumnado foráneo é escasa, polo que a través das materias do noso departamento procuramos que os alumnos e alumnas adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás respectuosos consigo mesmos, cos demais e co medio, co material que utilizan ou que está a súa disposición, responsables, capaces de ter criterio propio e de manter o interese por aprender e descubrir.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por catro grupos de alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos. Trátase de grupos cunha media de 24 rapaces e rapazas por aula, o cal dificulta a atención a diversidade, máis cando o departamento de Bioloxía e Xeoloxía non conta con reforzos fora da aula nin desdobres para poder levar ao alumnado ao laboratorio.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		2-4	2-3	2			4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	2-4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O MÉTODO INFALIBLE	Introducimos o concepto do método científico e elaboramos as primeiras actividades sinxelas para que o alumnado o poña en práctica en diferentes contextos (fichas do "Poñémolo en práctica") abordando tamén os materiais imprescindibles nun laboratorio de ciencias.	5	5	X		
2	AS CÉLULAS: ORGANIZACIÓN BÁSICA DA VIDA	Nesta unidade, que se alongará todo o trimestre, realizaremos o proxecto "As células" coa creación de modelos celulares e a súa exposición e explicación na clase. Abordaremos nela os contidos referidos as ideas básicas da organización da materia viva enfocada no noso corpo. Ademais lévanse a cabo actividades das que denomino como "Poñémolo en práctica", que son actividades de aplicación a contextos diferentes. En concreto relacionadas coa interpretación de esquemas mudos e fotografías de microscopio da organización celular, tecidos e de aparatos e sistemas do corpo.	20	12	X		
3	SOMOS O QUE COMEMOS	Nesta unidade abordamos os contidos referidos á alimentación e á nutrición. Ademais de sesións explicativas, realizaranse actividades do "Poñémolo en	25	20	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SOMOS O QUE COMEMOS	práctica". Neste caso centradas nas dietas, en cálculos da frecuencia cardíaca e respiratoria e na análise do que significa unha dieta equilibrada. Todo elo complementado polo proxecto "A máquina humana" baseado na elaboración de modelos dos aparatos da nutrición e un modelo RCP e posterior explicación na clase.	25	20	X	X	
4	NON ME BERRES QUE NON TE VEXO	Adentrámonos nesta unidade nos contidos relacionados cos sistemas de coordinación. Ademais de sesións explicativas realizaremos dúas actividades do "Poñémolo en práctica": o "Homúnculo sensorial" e a "Osteoporose"	10	8		X	X
5	CRECEDE E MULTIPLICARVOS	Abordamos nesta unidade todo o referido a reprodución sexual a un nivel moi básico facendo especial fincapé nos métodos anticonceptivos e na transmisión de ITS a través de actividades do "Poñémolo en práctica" baseadas nun vídeo de Edpuzzle e cuestionarios Quizziz.	15	8			X
6	A TÚA SAÚDE!	Esta unidade adéntrase nun achegamento aos contidos básicos relacionados coa saúde e a enfermidade. Levaremos a cabo o Proxecto: "Expedición Filantrópica da vacina" baseado nunha unidade didáctica dixital con múltiples actividades. A idea xeral é comprobar como coñecementos fundamentais da bioloxía humana xurden da aplicación do método científico.	20	12			X
7	UN PLANETA CONVULSO	Abordamos nesta unidade os contidos xeolóxicos do curso referidos á dinámica interna e máis concretamente aos riscos xeolóxicos derivados da mesma: os volcáns e terremotos. Sesións explicativas que se complementan con actividades do "Poñémolo en práctica", baseadas nos vídeos de Xeoclip e os kahoot deseñados polos autores, na que tamén empregaremos Quizziz propios.	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O MÉTODO INFALIBLE	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumno é quen de comprender e explicar esquemas básicos do funcionamento do método científico .	PE	100
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumno é capaz de aplicar o método científico en diferentes contextos e idear exemplos do mesmo		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno diferencia e explica de xeito sinxelo a diferenza entre ciencia e pseudociencia e pon exemplos.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumno é capaz de aplicar o método científico en diferentes contextos e idear exemplos do mesmo		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumno comprende o funcionamento do método científico o que o capacitará en outras unidades para extraer conclusións a pequenos traballos e proxectos.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumno entende e valora o papel da muller no desenvolvemento da ciencia		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno diferencia e explica de xeito sinxelo a diferenza entre ciencia e pseudociencia e pon exemplos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Diseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - O uso adecuado dos antibióticos.

UD	Título da UD	Duración
2	AS CÉLULAS: ORGANIZACIÓN BÁSICA DA VIDA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	O alumno comprende a importancia do descubrimento da célula e coñece os enunciados da teoría celular.	PE	35
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	O alumno recoñece as partes máis importantes da célula en esquemas mudos, ademais de nos modelos, e sabe de xeito moi básico a súa función.		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	O alumno sabe que os virus non son células e que son partículas infecciosas que provocan enfermidades. Tamén coñece algúns exemplos.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumno pescuda, en diferentes formatos, información para levar a cabo o proxecto "As células" e extrae conclusións bastante fundamentadas que expón á clase.	TI	65
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumno pescuda, en diferentes formatos, información para levar a cabo o proxecto "As células" e extrae conclusións bastante fundamentadas que expón á clase.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumno traballa en equipo correctamente e respecta aos seus compañeiros		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumno traballa en equipo correctamente e respecta aos seus compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	O alumno expón de xeito aceptable a información que recabou sobre o modelo celular		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	O alumno pescuda, en diferentes formatos, información para levar a cabo o proxecto "As células" dun xeito eficaz		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela.

UD	Título da UD	Duración
3	SOMOS O QUE COMEMOS	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	O alumno diferencia na maqueta e tamén en esquemas mudos os aparellos e sistemas que participan na nutrición e ten un coñecemento básico da súa participación.		
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	O alumno sabe a diferenza entre alimentación e nutrición e coñece de forma somera as funcións dos distintos tipos de nutrientes.	PE	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	O alumno diferencia na maqueta e tamén en esquemas mudos os aparellos e sistemas que participan na nutrición e ten un coñecemento básico da súa participación.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno sabe das incertezas das dietas miragre e recoñece a importancia dunha dieta equilibrada.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	O alumno sabe das incertezas das dietas miragre e recoñece a importancia dunha dieta equilibrada. E sabe dos pasos para alcanzala.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	O alumno recoñece os efectos negativos das drogas focalizados neste caso na nutrición e é quen de dar unha explicación sinxela deses efectos negativos		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumno é quen de analizar, desde unha perspectiva científica a súa dieta ou a dun exemplo extraendo conclusións fundamentadas.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	O alumno é quen de realizar pequenos traballos en contextos diferentes resolvendo cuestións sinxelas relacionadas coa bioloxía (dieta, frecuencia cardíaca e respiratoria...)		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumno é quen de realizar pequenos traballos en contextos aplicando de xeito guiado o método científico para resolver cuestións relacionadas coa bioloxía (dieta, frecuencia cardíaca e respiratoria...)		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno analiza de xeito crítico en base ao seu nivel de coñecemento científico algunhas crenzas relacionadas coa alimentación e a nutrición que pode englobarse dentro da pseudociencia	TI	63
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumno coa axuda do profesor e/ou dos seus compañeiros e quen de realizar experimentos de carácter biolóxicos e xeolóxico que lle permiten contrastar hipóteses		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumno dentro do seu equipo de investigación e/ou por si mesmo é quen de sacar conclusións nos proxectos de investigación que estean medianamente acertadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumno dentro do seu equipo de investigación é quen de traballar responsablemente e respectando aos demais integrantes do mesmo.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumno valora a ciencia como mecanismo de avance da sociedade e ten en valor o papel imprescindible da muller e do traballo colaborativo		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	O alumno dentro do seu equipo de investigación e/ou por si mesmo é quen de empregar os recursos dixitais para resolver problemas e explicar cuestións biolóxicas.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	O alumno dentro do seu equipo de investigación e/ou por si mesmo analiza de xeito crítico a solución a un problema.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	O alumno dentro do seu equipo de investigación e/ou por si mesmo elabora un modelo dun aparato relacionado coa nutrición e explica en base a información recabada por el.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	O alumno traballa actividades relacionadas coa dieta e as frecuencias cardíaca e respiratoria en diferentes contextos e obtén resultados aceptables.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	O alumno traballa actividades relacionadas coa dieta en diferentes contextos e obtén resultados aceptables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
4	NON ME BERRES QUE NON TE VEXO	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	O alumno diferencia os órganos aparatos e sistemas implicados na relación e sabe de xeito básico as súas funcións	PE	56
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	O alumno coñece as diferencias e similitudes principais entre o endócrino e o nervioso		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	O alumno comprende os efectos nocivos de certas drogas nos aparatos que conforman os sistemas de coordinación e coñece algúns exemplos destes efectos prexudiciais		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	O alumno comprende os efectos nocivos de certas drogas nos aparatos que conforman os sistemas de coordinación e coñece algúns exemplos destes efectos prexudiciais		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	O alumno comprende os efectos nocivos de certas drogas nos aparatos que conforman os sistemas de coordinación e coñece algúns exemplos destes efectos prexudiciais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose)	TI	44
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose) e a busca de información relacionada con elas		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	O alumno é capaz de plantexar hipóteses e predicións a partir da análise dos datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose)		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumno é capaz de xeito guiado de plantexar unha proposta de deseño experimental a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose)		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	O alumno é capaz de presentar conclusións máis ou menos elaboradas a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose)		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumno pode traballar razoablemente ben en equipo para sacar adiante traballos de investigación		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumno valora conscientemente a contribución da ciencia á nosa sociedade e que esa aportación é factible por parte de calquera membro da sociedade só en función dos seus coñecementos e non doutros factores		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose) e presentalos co uso das TIC		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose) e a busca de información relacionada con elas		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose) e a busca de información relacionada con elas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno é quen de analizar aceptablemente os datos obtidos a partir de simulacións prácticas (Homúnculo sensorial e osteoporose) e a busca de información relacionada con elas entendendo a importancia das fontes de información para non caer en crenzas infundadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
5	CRECEDE E MULTIPLICARVOS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	O alumno sabe os principais procesos da reprodución humana e identifica en esquemas mudos as partes máis importantes dos aparellos reprodutores	PE	32
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	O alumno comprende o prexuízo das drogas na saúde sexual		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	O alumno tras as actividades realizadas sobre as ITS é quen de respostar de xeito eficaz cuestións relacionadas.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	O alumno é quen de analizar e explicar conceptos básicos sobre métodos anticonceptivos e enfermidades de transmisión sexual a partir de información extraída do libro e a rede e explicitando as súas conclusións respondendo a un cuestionario on line (Quizziz)	TI	68
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	O alumno emprega para resolver os traballos propostos sobre distintos aspectos da sexualidade diferentes fontes e fai unha citación aceptable das mesmas.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	O alumno recoñece a ineficacia de determinados métodos anticonceptivos baseados en crenzas infundadas		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	O alumno diseña un traballo de investigación sobre ITS e é quen de respostar de xeito satisfactorio a cuestións plantexadas nun reto sobre este tema.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	O alumno traballa razoablemente ben en equipo		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	O alumno valora conscientemente a contribución da ciencia ao progreso da sociedade e o papel fundamental da muller nela.		
